

ACTA NÚM. 6/2025.

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O
DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2025.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 10 de setembro de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

PABLO LAGO SANMARTÍN. (PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.
CARLOS NOYA PEREIRA.

-. PP:

MARÍA FARIÑA BELLÓN.
EMILIO JESÚS APARICIO PÉREZ.
TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.

-. BNG:

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.
TERESA A. ANDRADE CARRILLO.

Non asisten:

MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
WALDO CARBALLO GARCÍA.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) RATIFICACIÓN DE DECRETO DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 18.06.2025.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 13.06.2025 AO 05.09.2025.

4º) DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DA PRESIDENCIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA).

5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2025.

6º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2025.

7º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

8º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DECLARACIÓN DA ROMARÍA DE SANTA MINIA COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA.

9º) MOCIÓNS.

10º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) RATIFICACIÓN DE DECRETO DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA.

Dada conta do decreto da alcaldía do 29.08.2025, que transcrito di:

O Pleno do concello en sesión de data 17.06.2011 aprobou a modificación do regulamento orgánico municipal, téndose publicado a mesma no BOP do 10.08.2011, establecendo que o Pleno ordinario correspondente ao mes de agosto trasladarase ao primeiro mércores do mes de setembro. En casos excepcionais e debidamente xustificadas poderá adiantarse ou retrasarse pola alcaldía a celebración do Pleno ordinario un máximo dunha semana, debendo en todo caso o Pleno como primeiro punto da orde do día ratificar o decreto da alcaldía de cambio do día de celebración.

Resultando que no concello neste momento non existe ningún funcionario que puidese tramitar os expedientes competencia do Pleno, por vacacións do persoal, resolvo:

1º) Retrasar a sesión ordinaria que debía celebrarse o mércores día 3 de setembro ao mércores 10 de setembro, ás 13,00 horas, polos motivos expostos.

2º) Da presente resolución darase conta ao Pleno para os efectos da súa ratificación.

Sometido a votación, o Pleno por unanimidade dos dez membros presentes acorda ratificalo.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 18.06.2025.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión anterior núm. 5/2025, do 18.06.2025.

Sometida a votación, o Pleno por unanimidade dos dez membros presentes acorda aprobala.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 13.06.2025 AO 05.09.2025.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Nº Decreto	Data Sinatura	Asunto
00399/2025	13/06/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA XUSTIFICACIÓN SUBV. IDAE
00400/2025	13/06/2025	CONTRACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR SUBSTITUCIÓN (DOUS PEÓNS GES)
00401/2025	13/06/2025	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DE ACORDO DO PLENO: APROBACIÓN REGULAMENTO DE TÍTULOS, HONRAS E DISTINCIÓNS
00402/2025	13/06/2025	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 10/2025. I.R.C. 3/2025
00403/2025	16/06/2025	NOMEAMENTO DE PERSOAL EVENTUAL COMO COORDINADORA DE GABINETE DA ALCALDÍA
00404/2025	17/06/2025	SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PARA ENVELLECIMENTO ACTIVO 2025
00405/2025	17/06/2025	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 22/2020-D
00406/2025	17/06/2025	RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLA RETIRADA POR PARTE DO CONCELLO DUNHAS COLUMNAS QUE INVADEN UN CAMIÑO PÚBLICO NO LUGAR DE SABAXÁNS.
00407/2025	17/06/2025	ACORDO DE INICIO EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000035605
00408/2025	17/06/2025	HABILITACIÓN TESOUREIRA MUNICIPAL POR ILT
00409/2025	18/06/2025	DELEGACIÓN PRESIDENCIA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA)
00410/2025	18/06/2025	ACEPTACIÓN RENUNCIA A UN POSTO DE PEÓN CONTRATADO POLO PROGRAMA PEL 2025.
00411/2025	23/06/2025	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA DE PAGA EXTRA DE XUÑO
00412/2025	23/06/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS: ESCOLAS DEPORTIVAS 2025 2026
00413/2025	23/06/2025	CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSOAL: APROL RURAL
00414/2025	23/06/2025	APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA AXUDAS ESCOLARIZACIÓN CURSO 2025-2026
00415/2025	23/06/2025	DECRETO DE RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. XUÑO 2025
00416/2025	25/06/2025	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. XUÑO 2025
00417/2025	25/06/2025	APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, NOMEAMENTO TRIBUNAL E CITACIÓN PARA 1º EXERCICIO
00418/2025	25/06/2025	ACORDO DE INICIO EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000035670
00419/2025	26/06/2025	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. CEIP PLURILINGUE DE PEDROUZOS
00420/2025	26/06/2025	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. S.D BRIÓN
00421/2025	26/06/2025	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. CLUB DEPORTIVO BRIÓN
00422/2025	26/06/2025	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. BASTAUALES U.D.
00423/2025	26/06/2025	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. IES DE BRIÓN

00424/2025	26/06/2025	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL OS ÁNXELES
00425/2025	26/06/2025	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE SABAXÁNS
00426/2025	26/06/2025	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. BANDA DE MÚSICA
00427/2025	26/06/2025	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. ASOCIACIÓN DE CAZA ALTAMIRA
00428/2025	26/06/2025	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. S.D.LUAÑA
00429/2025	26/06/2025	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. CLUB PATINAXE ARTÍSTICA BRIÓN
00430/2025	26/06/2025	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. CLUB PATINAXE TORRES DE ALTAMIRA
00431/2025	26/06/2025	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. BALONCESTO GALDEA
00432/2025	27/06/2025	PADRÓN ESCOLA INFANTIL MES XUÑO 2025
00433/2025	27/06/2025	PADRÓN SAF MAIO 2025
00434/2025	27/06/2025	PADRÓN SAF MAIO 2025
00435/2025	30/06/2025	CONVOCATORIA XUNTA GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O 01.07.25 ÁS 14.00 H.
00436/2025	30/06/2025	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE XUÑO DE 2025
00437/2025	30/06/2025	DECRETO DE APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE REFORZO DAS SENDAS AGRARIAS EN BRIÓN E REFORZO DA OFERTA NA CARBALLEIRA
00438/2025	30/06/2025	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE XUÑO DE 2025
00439/2025	30/06/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLO SERVIZO DE SOCORRISMO E LIMPEZA DA PISCINA
00440/2025	30/06/2025	APROBACIÓN BASES VII CONCURSO DE DEBUXO E PINTURA
00441/2025	01/07/2025	CONTRATACIÓN DE TRES PEÓNS FORESTAIS POR MEDIO DO PROGRAMA APROL RURAL 2025.
00442/2025	01/07/2025	ACORDO DE INICIO EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000035720
00443/2025	02/07/2025	SOLICITUDE DE SUBV. ESCOLA DE MÚSICA XUNTA 2025
00444/2025	03/07/2025	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS XUÑO 2025. MOD. IRPF 111, 115 E IVE 303
00445/2025	04/07/2025	ADSCRICIÓN DO PERSOAL E MAQUINARIA AO PROGRAMA DE TRATAMENTOS PREVENTIVOS 2025
00446/2025	07/07/2025	APROBACIÓN LISTAXE ADMITIDOS E CONVOCATOIRA PROBA TEÓRICO-PRÁCTICA. PEL 2025-2ª CONVOCATORIA
00447/2025	07/07/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE LIMPEZA CEIP DE PEDROUZOS
00448/2025	07/07/2025	RESOLUCIÓN SANCIONADORA EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000035782
00449/2025	08/07/2025	ACORDO DE INICIO EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000035810
00450/2025	08/07/2025	BAIXA SAF DEPENDENCIA_EXPTE. 06/2022-D
00451/2025	08/07/2025	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 05/2017-D
00452/2025	08/07/2025	BAIXA SAF DEPENDENCIA_EXPTE. 10/2022-D
00453/2025	09/07/2025	ALTA NO SERVIZO DE XANTAR A DOMICILIO 66_G.A.F.M.
00454/2025	10/07/2025	APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DA ESCOLA DE MÚSICA DO 3º TRIMESTRE DE 2025.

00455/2025	11/07/2025	CONTRATACIÓN PERSOAL PEL (2025). 2ª CONVOCATORIA.
00456/2025	11/07/2025	ADHESIÓN AO CONVENIO PARA A PRESTACIÓN DE SOLUCIÓNS BÁSICAS DE ADMINISTRACIÓN DIXITAL
00457/2025	14/07/2025	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 210
00458/2025	14/07/2025	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 211
00459/2025	14/07/2025	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 212
00460/2025	14/07/2025	CONTRATACIÓN PARA A SUBSTITUCIÓN DE PERSOAL TÉCNICO DE EDUCACIÓN INFANTIL EN BAIXA IT
00461/2025	14/07/2025	CONVOCATORIA DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O DÍA 15.07.2025 ÁS 14.00 H.
00462/2025	14/07/2025	RESOLUCIÓN SANCIONADORA EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000035867
00463/2025	15/07/2025	INCREMENTO SAF EXPTE. EXPTE.01/2024-D
00464/2025	15/07/2025	INCREMENTO SAF EXPTE. EXPTE.16/2022-D
00465/2025	15/07/2025	ACORDO DE INICIO EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000035891
00466/2025	16/07/2025	AMPLIACIÓN SAF EXPTE. 21/2023-D
00467/2025	16/07/2025	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 14/2025-D
00468/2025	16/07/2025	APROBACIÓN DO PADRON FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA CORRESPONDENTES AO 2º TRIMESTRE DE 2025
00469/2025	16/07/2025	SOLICITUDE DE SUBV. ESCOLA DE MÚSICA XUNTA 2025
00470/2025	17/07/2025	ELEVACIÓN A DEFINITIVO ACORDO PLENO DE APROBACIÓN MODIFICACIÓN BEO 68
00471/2025	17/07/2025	ELEVACIÓN A DEFINITIVO ACORDO PLENO DE APROBACIÓN M.C. Nº 8/2025. CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2025
00472/2025	17/07/2025	ELEVACIÓN A DEFINITIVO ACORDO PLENO DE APROBACIÓN M.C. SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2025
00473/2025	17/07/2025	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 213
00474/2025	17/07/2025	CORRECCIÓN DECRETO_INCREMENTO SAF EXPTE. 16/2022-D
00475/2025	18/07/2025	RESOLUCIÓN DE PRIMEIRAS ALEGACIÓNS ORDINARIO EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 9850/2025
00476/2025	18/07/2025	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 08/2024-D
00477/2025	18/07/2025	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 15/2025-D
00478/2025	18/07/2025	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 16/2025-D
00479/2025	18/07/2025	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 17/2025-D
00480/2025	18/07/2025	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 18/2025-D
00481/2025	18/07/2025	APROBACIÓN DO PADRÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS DO CURSO 2024_2025 (2º PRAZO)
00482/2025	18/07/2025	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 19/2025-D
00483/2025	21/07/2025	EMERXENCIA MUNICIPAL_06/2025_S. U. O.
00484/2025	21/07/2025	NOMEAMENTO INTERINO PARA A SUBSTITUCIÓN DA AUXILIAR ADMINISTRATIVA DE INTERVENCIÓN.
00485/2025	21/07/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/32 (MENOS DE 3.000)
00486/2025	21/07/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/33 CONTRATO

00487/2025	21/07/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/34 OMISIÓN
00488/2025	22/07/2025	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 214
00489/2025	22/07/2025	ADXUDICACIÓN CONTRATO DE SERVIZOS: ESCOLAS CULTURAIS 2025/2026.
00490/2025	23/07/2025	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 20/2025-D
00491/2025	23/07/2025	NOMEAMENTO DE PERSOAL AUXILIAR ADMINISTRATIVO INTERINO PARA SERVIZOS SOCIAIS (POS 2025)
00492/2025	23/07/2025	APROBACIÓN EXPTE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XANTAR PARA A FESTA DOS MAIORES 2025
00493/2025	23/07/2025	RELACION DE FACTURAS F/2025/35 CONTRATO
00494/2025	23/07/2025	RELACION DE FACTURAS F/2025/36 (MENOS DE 3.000)
00495/2025	23/07/2025	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. XULLO 2025.
00496/2025	23/07/2025	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA PISTA POUSADA A NINÁNS E OUTROS, AGADER 2025 2026.
00497/2025	24/07/2025	ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE ELABORACIÓN DUNHA AUDITORÍA SOBRE A REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA.
00498/2025	28/07/2025	LIQUIDACIÓN PADRÓN ESCOLA INFANTIL XULLO 2025
00499/2025	28/07/2025	AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCURRENCIA XUÑO 2025
00500/2025	28/07/2025	AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA XUÑO 2025
00501/2025	28/07/2025	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR CORRECCIÓN IMPACTOS PAISAXÍSTICOS: LAVADOIROS.
00502/2025	28/07/2025	INCREMENTO SAF EXPTE. EXPTE. 09/2025-D
00503/2025	29/07/2025	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. 2 DA OBRA SENDA EN ALDEA CHAVE DE PONTE. POS+ ADICIONAL 2/2024, 1ª FASE.
00504/2025	29/07/2025	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚM. 3 DA OBRA SENDA EN ALDEA CHAVE DE PONTE. POS+ADICIONAL 2/2024, 1ª FASE
00505/2025	29/07/2025	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 215
00506/2025	29/07/2025	CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) DO 01.08.2025, ÁS 13.00 H.
00507/2025	29/07/2025	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA EXTRAORDINARIA DE SERVIZOS DO 01.08.2025, ÁS 13:15 H.
00508/2025	29/07/2025	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 5 DA OBRA ACONDICIONAMENTO AC-543 PP.QQ. 8+390 AO 9+870.
00509/2025	29/07/2025	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚM. 6 DA OBRA ACONDICIONAMENTO AC-543 PP.QQ. 8+390 AO 9+870.
00510/2025	29/07/2025	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚM. 3 DA OBRA REFORMADO DO DE PAVIMENTACIÓN DE ACCESO A GOSENDE E OUTROS
00511/2025	29/07/2025	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚM. 4 DA OBRA REFORMADO DO DE PAVIMENTACIÓN DE ACCESO A GOSENDE E OUTROS
00512/2025	30/07/2025	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR XERACIÓN DE CRÉDITO 4/2025
00513/2025	30/07/2025	APROBACIÓN CERT. Nº 5 OBRA AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES
00514/2025	30/07/2025	APROBACIÓN CERT. Nº 4 OBRA AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES
00515/2025	31/07/2025	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - XUÑO 2025
00516/2025	31/07/2025	BAIXAS NO PADRÓN DE HABITANTES MES DE XULLO DE 2025

00517/2025	31/07/2025	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE XULLO DE 2025
00518/2025	01/08/2025	CONTRATACIÓN TÉCNICO DE DEPORTES DA OEP 2024.
00519/2025	04/08/2025	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O DÍA 05.08.2025 ÁS 14.00 H.
00520/2025	05/08/2025	RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº134
00521/2025	05/08/2025	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN LIMPEZA CASA DO CONCELLO E CENTRO SOCIAL POLIVALENTE.
00522/2025	06/08/2025	MODIFICACIÓN DECRETO 2025/G003/000514 DO 18/07/2025
00523/2025	07/08/2025	APROBACIÓN EXPTE DE CONTRATACIÓN SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES: GASÓLEO A, GASOLINA 95 SEN PLOMO, GASÓLEO C, E PELLETS DE MADEIRA.
00524/2025	07/08/2025	ADQUISICIÓN DE BEN INMOBLE: 10,05% DE FINCA NÚM. 20842 DA ÁREA DE REPARTO NÚM.8.
00525/2025	08/08/2025	RESOLUCIÓN SANCIONADORA EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000035948
00526/2025	08/08/2025	ACORDO DE INICIO EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000035971
00527/2025	14/08/2025	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS PERMANENTE DE FACENDA PARA O DÍA 09.09.2025 ÁS 13H
00528/2025	14/08/2025	NOMEAMENTO DUN FUNCIONARIO DE CARREIRA PARA O POSTO DE OFICIAL DE ADMINISTRACIÓN.
00529/2025	14/08/2025	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PROGRAMA INTEGRADO DO EMPREGO 2025-2026
00530/2025	14/08/2025	NOMEAMENTO DE PERSOAL TÉCNICO DE IGUALDADE.
00531/2025	14/08/2025	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 22/2025-D
00532/2025	14/08/2025	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 21/2025-D
00533/2025	14/08/2025	REPOSICIÓN LEGALIDADE URBANÍSTICA
00534/2025	18/08/2025	SAF DEPENDENCIA XULLO 2025
00535/2025	18/08/2025	CANON CONTRATO CONCESION DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - XULLO 2025
00536/2025	18/08/2025	LIQUIDACIÓN SAF LIBRE CONCURRENCIA XULLO 2025
00537/2025	20/08/2025	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS XULLO 2025. MOD. IRPF 111, 115 E IVE 303
00538/2025	22/08/2025	ACORDO DE INICIO EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000036163
00539/2025	22/08/2025	ACORDO DE INICIO EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000036105
00540/2025	22/08/2025	DECLARACIÓN DE EXCEDENCIA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO SECTOR PÚBLICO.
00541/2025	22/08/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE XANTAR PARA A FESTA DOS MAIORES 2025
00542/2025	22/08/2025	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. CLUB DEPORTIVO BRIÓN
00543/2025	22/08/2025	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. CP TORRES DE ALTAMIRA
00544/2025	22/08/2025	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. CPA BRIÓN
00545/2025	22/08/2025	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. BASTAVALES UD
00546/2025	22/08/2025	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. ASOCIACIÓN CAZA ALTAMIRA

00547/2025	22/08/2025	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. EEI SABAXÁNS
00548/2025	22/08/2025	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. EEI OS ÁNXELES
00549/2025	22/08/2025	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. IES DE BRIÓN
00550/2025	22/08/2025	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. CEIP DE PEDROUZOS
00551/2025	22/08/2025	REINTEGRO DE CANTIDADE INDEBIDAMENTE CARGADA POLO PAGAMENTO DAS RETENCIÓNS IRPF
00552/2025	25/08/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLA OBRA DE PINTADO DE AULAS NO COLEXIO DE PEDROUZOS.
00553/2025	25/08/2025	PAGAMENTO DAS COMISIÓNS DE SERVIZOS A POLICÍAS LOCAIS DOUTROS CONCELLOS POLOS SERVIZOS PRESTADOS NA FESTA DE SANTA MINIA.
00554/2025	25/08/2025	ALTA NO SERVIZO DE XANTAR A DOMICILIO 67_E. B. P. B.
00555/2025	26/08/2025	APROBACIÓN DAS BASES DA XLII CARREIRA PEDESTRE POPULAR DA AMAÍA
00556/2025	26/08/2025	ACORDO DE INICIO EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000036232
00557/2025	26/08/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/39 (CONTRATO)
00558/2025	26/08/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/38 (OMISIÓN DA FISCALIZACIÓN)
00559/2025	26/08/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/37 (MENOS DE 3.000)
00560/2025	27/08/2025	LIÑAS FUNDAMENTAIS ORZAMENTO PARA 2026
00561/2025	27/08/2025	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 12/2025. T.C. 1/2025
00562/2025	28/08/2025	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. AGOSTO 2025.
00563/2025	29/08/2025	APRAZAMENTO DA DATA DE CELEBRACIÓN DO PLENO ORDINARIO DE SETEMBRO.
00564/2025	29/08/2025	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE AGOSTO DE 2025
00565/2025	29/08/2025	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE AGOSTO DE 2025
00566/2025	02/09/2025	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000597955
00567/2025	02/09/2025	BAIXA RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000565934
00568/2025	02/09/2025	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000617792
00569/2025	02/09/2025	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000617703
00570/2025	02/09/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS: CASA DO CONCELLO E CENTRO SOCIAL POLIVALENTE
00571/2025	02/09/2025	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 216
00572/2025	02/09/2025	RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 101
00573/2025	03/09/2025	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - AGOSTO 2025
00574/2025	03/09/2025	CONVENIO CON "SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAHÜÍ" 2025
00575/2025	03/09/2025	ACORDO DE INICIO EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000036308
00576/2025	05/09/2025	CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DO 10.09.2025, ÁS 13:00H.

O Pleno toma coñecemento.

4º) DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DA PRESIDENCIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA).

Dada conta do decreto da alcaldía do 18.06.2025, que transcrito di:

Ao abeiro do disposto no artigo 125 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e logo da elección realizada na propia comisión informativa, resolvo:

1º) Delegar a presidencia da Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) ao seguinte concelleiro: Waldo Carballo García.

A inclusión de asuntos fóra da orde do día nas sesións ordinarias, a iniciativa do presidente da comisión, requirirá a conformidade previa desta alcaldía, como órgano delegante da presidencia da comisión.

Esta resolución producirá efecto desde a data da sinatura da presente resolución, será notificada ao designado e publicada no Boletín Oficial da Provincia. Da mesma darase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

O Pleno toma coñecemento.

5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2025.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 2º trimestre de 2025, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

6º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2025.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 2º trimestre de 2025, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

7º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

Dada conta da proposta da alcaldía do 14.07.2025, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 01.08.2025, que transcrita di:

Visto o expediente tramitado polo concello para a modificación da ordenanza fiscal núm. 19 T reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais, motivado pola necesidade de actualizar as tarifas existentes, segundo o contrato asinado con data 10 de abril de 2012, que se actualizarán consonte co disposto no art. 90.3 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, polo importe do 85% da variación experimentada polo Índice de Prezos de Consumo elaborado polo Instituto Nacional

de Estatística, de abril de 2024 a abril de 2025, que é do: 2,20%, polo que a actualización das tarifas será polo: 1,87%.

Visto o expediente tramitado, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 19 T reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais, publicada no BOP da Coruña núm. 66, do 23.03.2009, modificada por acordos plenarios publicados no BOP do 13.12.2010, 22.12.2011, 12.08.2013, 11.08.2014, 24.09.2015, 03.08.2016, 16.08.2017, 16.08.2018, 22.08.2019, 11.08.2020, 16.12.2021, 10.08.2022, 04.10.2023 e 21.08.2024, nos seguintes termos:

1.1 -. Modifícanse as tarifas 1 a 5 do art. 5: Cota Tributaria, que pasan a ter a seguinte redacción:

1.2 TARIFA 1. VIVENDAS

Por cada m ³ facturado en abastecemento	Tarifa
Servizo de saneamento	0,116392 € / m ³
Servizo de depuración	0,251158 € / m ³

TARIFA 2. FINCAS E LOCAIS NON DEDICADOS EXCLUSIVAMENTE A VIVENDAS

Por cada m ³ facturado en abastecemento	Tarifa
Servizo de saneamento	0,116392 € / m ³
Servizo de depuración	0,251158 € / m ³

TARIFA 3. USUARIOS NON DOTADOS CON AUGA DO ABASTECIMIENTO MUNICIPAL

Cota mensual fixa	Tarifa
Saneamento	1,163938 €/abo. Mes
Depuración	2,511597 €/abo. Mes

TARIFA 4. INDUSTRIAS NON DOTADAS CON AUGA DO ABASTECIMIENTO MUNICIPAL, OU QUE UTILICEN XUNTO CA AUGA DA REDE OUTRA DE DISTINTA PROCEDENCIA

Instalarán ao seu cargo sistemas de medida do caudal para determinación da cantidade a facturar. No caso de acordo entre o abonado e concesionario poderáselle practicar un aforo que servirá de base para a facturación. As tarifas a aplicar serán as seguintes:

Por cada m ³ medido ou aforado	Tarifa
Servizo de saneamento	0,116392 € / m ³
Servizo de depuración	0,251158 € / m ³

TARIFA 5. ACOMETIDAS.

Prezos para a acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubería de P.V.C., Ø 160 -200 mm./5 atm., incluída excavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión a pozo o colector existente con kit especial de estanqueidade, para unha profundidade máxima de 1,50 m., e para unha lonxitude máxima de 5 m.

	Tarifa
Zanxa en terra	429,31 €/ud
Zanxa en asfalto	479,23 €/ud
Zanxa en baldosa-beirarrúa.	538,40 €/ud

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 10, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (5), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

8º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DECLARACIÓN DA ROMARÍA DE SANTA MINIA COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA.

Pola alcaldía retírase a asunto da orde do día, xa que incluíuse por erro, porque non consta ditaminada previamente pola comisión informativa, polo que tramitarase por urxencia como moción.

9º) MOCIÓN.

Aprobouse por unanimidade dos dez membros presentes a urxencia dos seguintes asuntos:

9.1. DECLARACIÓN DA ROMARÍA DE SANTA MINIA COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA.

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, sinala no seu artigo 93 que a Administración da Xunta de Galicia poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e das tradicións populares e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico. Esta declaración farase segundo se determine regulamentariamente, en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigamento, así como das actividades promocionais que desenvolvan.

O Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia regula o procedemento.

Polo Concello confeccionouse a memoria explicativa xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 3, xunto con fotografías, carteis, programas, folletos, libros, referencias bibliográficas, material audiovisual, e en xeral, tanta información gráfica se considerou oportuna para apoiar a petición.

Visto o expediente tramitado polo Concello, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Solicitar á Xunta de Galicia ao abeiro do art. 10 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, a declaración da Romaría de Santa Minia, que se celebra o día 27 de setembro de cada ano, como festa de interese turístico de Galicia, sinalando que o Concello realiza as seguintes accións, a título de exemplo e sen carácter exhaustivo, dadas as múltiples actividades que desenvolve o Concello, para o mantemento, dignificación e promoción da festa:

1. O Concello se encarga de manter nas debidas condicións hixiénico - sanitarias a Carballeira de Santa Minia, onde se atopa a Capela da Santa e onde se producen as principais manifestacións de interese cultural: fundamentalmente de carácter relixioso polos exvotos ofrecidos polas xentes chegadas de toda Galicia, artísticas posto que o ambiente mesturase con actuacións de música tradicional (tipo charangas populares, etc...) durante o día, e música contemporánea pola noite, e igualmente de carácter gastronómico posto que é tradicional logo de realizar o ofrecemento dos exvotos no Santuario tomar o polbo na festa, na carballeira onde se colocan as principais polbeiras de Galicia.

2. O Concello presta o servizo de gardería de persoas e bens a través dos servizos municipais da Policía Local e do Servizo do Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Brión, organizando grandes áreas de aparcamento para a multitude de vehículos. Todos os policía locais traballan nese día para garantir a seguridade e dignidade da festa, evitando calquera tipo de conflito que se puidera producir. Igualmente moito persoal do Concello se mobiliza ese día para organizar os servizos de venda de produtos artesanais, de persoas de Galicia e así mesmo de persoas orixinarias doutros países, que veñen vender os seus produtos, xunto cos produtos de elaboración tradicional desta terra, así como produtos da horta.

3. Coincidindo coa romaría o Concello organiza actividades socioculturais diversas, tales como exposicións de fotografías do certame anual do Concello, de cadros do certame anual de pintura que organiza este Concello, mostras de teatro, obradoiros manuais e de lectura no punto de interese cultural que existe á beira da mesma Carballeira de Santa Minia.

4. O Concello organiza o servizo de limpeza posterior á celebración de tal xeito que á primeira hora do día posterior todo o núcleo urbano de Pedrouzos, onde se atopa a Carballeira de Santa Minia, estea en perfectas condicións.

5. Se editan libros, se emiten cuñas de publicidade na radio, se remite información turística a outros concellos informando da celebración da festa.

6. O Concello para o fomento da festa a declara igualmente festivo local desde hai moitos anos para facilitar a presenza de todos os veciños do Concello neste día de festa, para que poidan gozar todos con independencia de calquera outra consideración.

2º) Facultar a Alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

Debate:

Pola alcaldía expónse que repítese a solicitude feita no ano 2024 consonte cunha memoria máis ampla.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 10, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (5), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción transcrita nos seus propios termos.

9.2. MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO BNG NO CONCELLO DE BRIÓN PARA O SEU DEBATE EN PLENO SOBRE A VAGA DE LUMES FORESTAIS QUE ASOLOU GALIZA NO MES DE AGOSTO E AS MEDIDAS NECESARIAS PARA EVITAR QUE SE REPITA ESTA CATÁSTROFE MEDIANTE UNHA POLÍTICA DE PREVENCIÓN E UNHA XESTIÓN INTEGRAL DO MEDIO.

Dada conta da moción referenciada, que transcrita di:

Xosé L. Penas Corral, como portavoz do grupo municipal do BNG, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación da seguinte moción.

Exposición de motivos:

Galiza viviu no pasado mes de agosto unha das peores vagas de lumes forestais da súa historia recente. A desolación e a ferida aberta que esta catástrofe ambiental, social e económica deixou en gran parte do noso territorio (nomeadamente nas comarcas de Ourense) son palpábeis e esixen unha reacción inmediata e contundente.

En canto ás dimensións reais do desastre, o sistema europeo Copernicus fixo unha estimación de máis de 143.000 hectáreas queimadas no mes de agosto (145.000 en todo o ano), mentres que a Xunta deu uns datos sensibelmente inferiores: 108.411 en agosto e 110.994 en todo o ano.

Esta vaga de lumes, máis que unha praga bíblica, ou unha acción atribuíble soamente a mentes perturbadas, é a consecuencia directa dunha xestión *absolutamente negligente* por parte do goberno galego, tanto na prevención como na xestión da emerxencia.

O modelo de loita contra o lume do Partido Popular demostrou, unha vez máis, o seu absoluto fracaso. A falta de planificación, de prevención e de recursos eficientes por parte da Xunta converteu a situación nunha auténtica catástrofe. A xestión foi errática, sen a coordinación necesaria, deixando a moitas brigadas e concellos traballando en circunstancias extremadamente adversas e, en moitos casos, en total desamparo. Malia o esforzo heroico de brigadas, veciñanza e persoas voluntarias, a quen queremos agradecer e recoñecer publicamente o seu labor, a política forestal do PP non está á altura das necesidades dun país co 70% da súa superficie arbórea.

Esta vaga de lumes deixa unha lección clara: non podemos seguir como estabamos. A Xunta de Galiza non pode seguir respondendo con “silencio, resignación ou a rutina de promesas baleiras e propaganda”. O uso político partidista e carroñeiro que o PP quixo facer no medio dos peores incendios da nosa historia é inadmisíbel. Galiza merece un modelo de monte e de rural diferente, que xere riqueza, poña en valor a nosa contorna natural e que nos protexa de forma efectiva.

É por iso que o BNG defende un cambio estrutural e unha estratexia integral sobre o conxunto do territorio que teña como obxectivo evitar que un desastre deste tipo se volva a repetir. Fronte ás políticas fracasadas do pasado, Galiza precisa unha alternativa de futuro para o noso medio rural, un plan que procure a atención inmediata ás persoas afectadas, a recuperación ambiental real, un novo modelo de monte multifuncional, unha prevención estrutural e eficaz, e a revitalización socioeconómica do rural.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG do Concello de Brión presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta moción, propoñendo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galiza á inmediata posta en marcha dun Fondo de Recuperación Económica, Social e Ambiental Xunta-Estado para facer fronte aos danos da vaga de lumes. Este fondo deberá incluír axudas directas de ata 200.000 € para a reconstrución de vivendas e unha achega de ate 6.000 € para autónomos, pequenas e medianas empresas e a economía social, coa mínima burocracia posíbel.
2. Urxir á Xunta de Galiza a pór en marcha un Plan de Emprego Verde de restauración ambiental das áreas afectadas, que se centrará na restauración ecolóxica, a protección da biodiversidade e a recuperación dos solos.
3. Demandar á Xunta a aprobación dunha moratoria inmediata a novas plantacións de eucalipto para reconducir a política forestal cara a un modelo de monte ordenado e multifuncional que xere riqueza e que sexa máis resiliente fronte aos lumes.
4. Instar á Xunta de Galiza a duplicar os fondos de prevención nos dous próximos anos.
5. Exixir o reforzo e a profesionalización dos servizos de prevención e extinción, incluíndo a creación de 70 brigadas móbiles de vixilancia e a dotación de medios e equipos adecuados para o ataque a grandes incendios. Tamén, garantir a mellora das condicións laborais do persoal do servizo.
6. Instar á Xunta a que revise o marco competencial actual en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, nomeadamente en relación coa xestión das redes secundarias de faixas de biomasa, co obxecto de que sexa a Xunta quen asuma a execución subsidiaria das tarefas de limpeza nos casos de incumprimento por parte dos titulares e nas parcelas de propiedade descoñecida.
7. Demandar ao goberno galego que impulse a revitalización socioeconómica do rural, promovendo a mellora dos servizos, o incremento do financiamento dos concellos e alternativas produtivas sostíbeis e que fomenten a mobilización de terras para a produción sustentable de alimentos.
8. Demandar a asunción de responsabilidades políticas por parte dos máximos responsables do goberno galego, comezando polo presidente da Xunta, Alfonso Rueda, pola súa xestión

“absolutamente negligente” e por converter a vaga de lumes nunha auténtica catástrofe que podería terse evitado.

9. Adherirse ás mobilizacións convocadas para esixir responsabilidades e apoio na reconstrución e rehabilitación das propiedades e dos espazos rurais e naturais danados.

Debate:

A Sr^a. Concelleira Fariña Bellón sinala que coincidimos en que a vaga de incendios foi unha verdadeira catástrofe, pero penso que a Xunta está a facer bastantes cousas; creo que respecto diso do eucalipto existe unha estratexia, porque hai zonas onde no se poden plantar e zonas que deben ser de frondosas; hai que dicir que a limpeza en moitos casos é responsabilidade dos propietarios e que en Brión houbo un pequeno conato e quedou pronto apagado; engade que xa hai un plan de axudas aprobado para explotacións gandeiras e agrarias, convenios con concellos para que a reconstrución sexa máis rápida, creo que foi unha gran catástrofe pero que a Xunta respondeu bastante ben, aínda que teñen que seguir traballando.

Remata sinalando que o foro para debater isto é na Xunta, non no Pleno do concello.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que coincidimos co da catástrofe e enviamos a nosa solidariedade aos cidadáns afectados. Non é o lugar axeitado este Pleno para debater isto, deberá ir ao parlamento estatal ou autonómico, e por todo iso ímonos abster.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que xa que o PP sabe o que hai que traer ao Pleno ou non, que pregunte ao portavoz do PP na Deputación que pode levarse ao Pleno e que non, porque levou incluso un tema que afecta á muller do Presidente do Goberno. Engade que a responsabilidade é da Xunta, temos o vídeo de Feijóo pedindo dimisións do Presidente da Xunta daquela.

Tivemos bombeiros paralizados pola falta de coordinación, apagaron os lumes os de protección civil, bombeiros e veciños; temos o país cheo de eucaliptos e isto non ten sentido; a Xunta o fixo mal e tarde, a responsabilidade do lume é da falta de prevención da Xunta para resolver un problema que se repite ano tras ano. O problema dos incendios é un problema de país, incluso de España e de Europa, especialmente este ano en Ourense; os 313 concellos debemos exixir á Xunta que cumpra coas súas obrigas e se non sabe deben marcharse para casa.

O Sr. Alcalde sinala que cada quen ten a súa visión do tema.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 2, pertencentes ao grupo municipal do BNG (2).

Votos en contra: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Abstencións: 5, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (5)

Queda rexeitada a moción.

10º) ROGOS E PREGUNTAS.

10.1. Rogos e preguntas presentados por escrito polo grupo municipal do BNG:

1. SOBRE AS OBRAS NA AVDA DE NOIA E OS ACCESOS A MONTEBALADO.

Traemos de novo este tema despois das numerosas queixas que recibimos cada semana de veciños, mesmo algúns que nin residen en Brión. En varias ocasión xa falamos deste tema e das interminables obras na Avda de Noia, en especial entre o tramo desde a gasoleneira ata o cruce dos Ánxeles. Xa que sempre que traemos este tema movémonos entre a incredulidade do equipo de goberno e as garantías de que se vai mellorar a seguridade anexamos fotos do día de onte no que se pode observar o estado da vía en cuestión, das obras, e sobre todo da falta de sinalización mínima e de calidade dos accesos ao centro comercial e urbanizacións. Rogamos se sinalicen os carrís de subida e baixada, se sinalicen as zonas de especial perigosidade, e nun cun cono mal posto e tirado, e se arranxe de xeito provisional o acceso a Montebalado onde cada día numerosos usuarios poñen a proba a súa paciencia e as rodas dos seus vehículos.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que como xa lles explicamos no pasado Pleno do mes de xuño, no que fixeron practicamente a mesma pregunta, reiterámoslle que estamos ante a obra máis importante que se fixo na parroquia dos Ánxeles na súa historia. A humanización e renovación do sistema de saneamento dunha das zonas máis poboadas e transitadas do municipio.

Podíamos ter cortado a estrada, como pedían dende a empresa, pero optamos pola opción que pensamos que é menos prexudicial para a veciñanza. É evidente que vostedes estiveron en contra desta obra dende o principio e estarano ata que estea rematada, para o que xa lles adianto que queda menos porque agardamos que se comece a asfaltar nuns meses.

En canto ao da sinalización, volveremos falar coa empresa para solicitarlles que a melloren e tamén que acondicionen os accesos no que sexa posible.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que é un risco a sinalización que existe, e que isto é un problema.

O Sr. Alcalde sinala que todas as obras conlevan problemas, non está ben sinalizado, lle abriron expedientes os directores de obra por falta de seguridade; intentaremos sacala adiante, que remate ese tramo antes de levantar o seguinte e tamén hai que dicir que para ir a Montebalado hai outro acceso, que os veciños deben tamén empatizar un pouco, porque non é necesario ir por esa estrada.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que se sinalice ben, que hai fochancas enormes, pedimos á empresa que fagan un esforzo e poña uns conos de sinalización, porque hai xente que non vive alí e non coñecen nin que hai obras, esta é a intención deste rogo, que só pretende solucionar iso.

2. SOBRE A SITUACIÓN DO IES BRIÓN.

Este luns comezaron as clases lectivas e con elas os problemas habituais de cada ano que ao concello parece non afectar. Algúns destes “problemas” poderían ser tratados no CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL que o equipo de goberno prometeu en sede plenaria formalizar hai dous anos. Unha mentira máis, non para o noso grupo, senón para toda a veciñanza en xeral. A desidia, a falta de vontade, a preguiza e non querer dar a cara diante da comunidade educativa xa forman parte do traballo desta área polo que estamos de todo menos sorprendidos.

A día de hoxe, a comunidade educativa segue sen saber en que consiste o protocolo de actuación que se trouxo neste último pleno e que se asinou coa consellería de Educación.

Seguimos sen saber porque non se respondeu aos escritos da Anpa, cousa que sorprende aínda máis, non que non conteste o concello que ven sendo o habitual, senón que directamente se pase dos pais e nais do único instituto que ten este concello. Seguimos sen saber nada sobre o mantemento e reparación das deficiencias estruturais (climatización, persianas, pintura, etc), sobre a solicitude dunha fonte de auga e as escusas peregrinas que dá o goberno municipal así como de todos o temas xa reclamados e solicitados nos meses pasados.

Segue sen estar cuberta a praza de PT para o centro, nun centro onde hai numerosos rapaces con necesidades especiais que seguen sen estar atendidos, as mobilizacións dos pais e nais provocaron no curso anterior promesas da consellería, onde goberna un dos partidos do bipartito deste concello e aínda non foron atendidas.

Outro dos problemas, graves e coñecido son os problemas de seguridade ao arredor do centro, algún deles posto en coñecemento as forzas de seguridade, descoñecemos se o concello está a facer algo ou simplemente “tomou nota”.

Sabemos das competencias, duns e de outros, pero como sempre o goberno municipal non se pode poñer de perfil e sobre todo non pode “pasar” de contestar os escritos nin as suxestións que en todo caso sempre van dirixidas a mellorar a convivencia de toda a comunidade educativa da que formamos parte todos.

Solicitamos da concelleira en cuestión nos poña ao día de toda a información relativa a todos estes asuntos e sobre todo que inste a Xunta e ao propio concello a solucionar de xeito inmediato todas aquelas deficiencias e melloras.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que non houbo cambio ningún dende o pasado mes de xuño, cando xa lle explicamos tamén en que ían consistir as actuacións, tanto por parte da Xunta como polo concello. Un acordo que é totalmente beneficioso tanto para a comunidade educativa como para a veciñanza en xeral de Brión. Xa llo dixen daquela pero repítooo tamén: cando o proxecto estea redactado por parte dos técnicos, informarase polo miúdo á comunidade educativa.

Sobre a praza de Pedagogía Terapéutica e profesorado para necesidades especiais, como saben e se lles contou neste mesmo lugar, a petición da comunidade educativa o alcalde xa lle fixo chegar esta problemática ao Conselleiro de Educación durante as reunións que mantivo previas á sinatura do convenio.

En canto aos problemas de seguridade, comunícolle que o alcalde xa ten solicitado a celebración dunha Xunta Local de Seguridade, para tratar este e outros temas, unha reunión que xa debía estar celebrada pero que tivo que ser adiada debido á recente substitución da Subdelegada do Goberno, quen manifestara o seu interese por asistir.

3. ESTADO E ARRANXO DE DIVERSAS PISTAS.

Hai unhas semanas xa rexistramos unha pregunta para coñecer a situación do arranxo de algunha estrada na aldea de Cabanas. Todo e que tivemos unha resposta informal, e despois

da queixa de veciños da aldea, seguimos sen saber oficialmente se se vai asfaltar toda a aldea (nas partes necesarias) ou soamente algún tramo afortunado.

Por outra parte gustaríamos poder dispor, se existe, dun plan de arranxos de estradas e pistas do concello a fin de poder saber cales van entrar neste plan e cales non. Somos coñecedores de que é imposible atender a todas ao mesmo tempo polo que supoñemos que un concello ben xestionado e ben planificado sen dúbida terá planificado o traballo do que queda de mandato. A día de hoxe podemos poñer sobre a mesa queixas e problemas en Cabanas, Gronzo, Guldrís, Cantelar, Caxusa, Romarís, Fonteparedes, Alqueidón.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que respecto da aldea de Cabanas, o alcalde xa lle respondeu no anterior pleno cando lle contestou á pregunta dos reasfaltados, pero vouno repetir para que non teña dúbida, será asfaltada na súa totalidade. No referente ao plan de arranxos como xa lle temos indicado noutras ocasións, existe e vaise realizando en función do orzamento dispoñible.

En canto ás queixas nas aldeas que mencionan, gustaríanos que as puxeran sobre a mesa e especificaran as problemáticas concretas de cada unha, para ver de atoparlles a mellor solución posible. Dicimos isto porque somos conscientes de determinadas necesidades que nos fixeron chegar os veciños nalgunha delas pero, como comprenderán resulta imposible chegar ao mesmo tempo a cada unha das 106 aldeas do noso concello.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que non foi contestado no último Pleno iso que dixo vostede; iremos presentando os temas das queixas que existen.

O Sr. Alcalde sinala que somos conscientes da problemática que hai, pero vostede debe dicir cal é a problemática que poda vostede coñecer, porque algunha desas aldeas teñen deficiencias, pero hai outras moito peor.

10.2. Rogos e preguntas presentados por escrito polo grupo municipal do PP:

1. Solicitamos que se asfalte o tramo que vai dende a xeral dos Ánxeles cara Montebalado antes de seguir coas obras que se están a facer na Avenida de Noia.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que sobre a cuestión dos accesos a Montebalado, creo que xa está contestada na resposta ao BNG.

2. Solicitamos que se tomen medidas de prevención contra o baño no río Pego á altura do Alqueidón, xa que se bañaron varios rapaces na zona e poderá ter consecuencias.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que non tiñamos coñecemento desta incidencia pero tamén temos que indicarlle que o río Pego non é unha zona que estea autorizada para o baño. Os carteis informativos póñense precisamente nas zonas autorizadas para o baño, pois son áreas específicas que foron delimitadas e declaradas aptas para o baño despois de que as autoridades competentes teñan realizadas as correspondentes análises da calidade de auga, e no río Pego non é o caso, e polo tanto non deberían bañarse.

3. Solicitamos que se faga unha revisión máis exhaustiva das atraccións que van acudir á festa de Santa Minia, para que non ocorra como en Ames que se tiveron que precintar dúas delas.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que dende o concello faremos cumprir a normativa para que non se dean ese tipo de situacións, estase valorando distintas opcións para que se garanta a seguridade.

4. Solicitamos información sobre cal é o motivo de que se produzan tantos cortes de auga constantemente en Bastavales, xa que algúns veciños se estaban a queixar de que a tarde noite baixa a presión e logo sae a auga embarrada e turbia.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que o descenso da presión da auga pola noite seguramente sexa debido ao alto consumo na zona. É sabido que cando moitas persoas utilizamos a auga ao mesmo tempo, a presión xeral diminúe. Pero como todo é mellorable, tamén quero lembrar que no último pleno aprobamos, pese á abstención do BNG, unha modificación de crédito que inclúe máis de 200.000 euros para a mellora do servizo de abastecemento de auga e a realización dunha auditoría para evitar perdas no servizo.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e corenta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González